

Intervención do presidente do Parlamento de Galicia como delegado rexio na Ofrenda Nacional ao Apóstolo Santiago

Festividade da Translación

30 de decembro de 2017

Señor Santiago:

Na celebración litúrxica da túa translación, comparezo ante ti, Patrón de España e de Galicia, honrado co encargo da Súa Maxestade o Rei Felipe VI, para renovar, no seu nome, esta ofrenda instaurada hai preto de catro séculos, que reafirma o vínculo da Coroa cos valores, as tradicións e os símbolos xacobeos.

Acudo ao teu templo, Santo Apóstolo, para compartir as angurias e as ilusións do noso pobo, persuadido de que é a nós, os homes e mulleres desta terra, a quen corresponde labrar o noso propio futuro.

Saímos dunha crise intensa –económica, pero tamén de valores- que castigou con forza a infinidade de familias e fogares. Coa recuperación chegou, por tanto, o tempo de que esta se estenda a todas e a todos, en forma de máis emprego, e tamén de incrementos salariais acordes cos beneficios das empresas.

Chegou o tempo de reflexionar sobre os erros de onte; erros no ámbito público e no das empresas, especialmente no sector financeiro, onde puntualmente puido semellar que a cobiza se antepuña á ética. Chegou o tempo de deixarse guiar pola conciencia, velar polo cumprimento da lei e poñer as persoas no centro das nosas decisións.

Facelo desde a ética, con responsabilidade e sen tentacións demagóxicas ou curtopracistas.

Renovar valores e comportamentos caducos é unha necesidade unanimemente recoñecida, que só deparará resultados duradeiros se o facemos con afán de inclusión, contando con todos; se todos – adultos e mozos- nos implicamos e facemos uso das ferramentas de participación democrática, evitando que o silencio poida utilizarse como cómplice ou coartada por quen eventualmente pretenda actuar de costas aos intereses da maioría.

Desde o primeiro milenio, peregrinos e viaxeiros afrontan a ruta xacobeana sabedores do esforzo e as infinitas dificultades que os agardan, pero fanlo con esperanza e co anhelos de regresar renovados aos seus lugares de orixe, dispostos a comezar unha nova vida. Pasar o Rubicón, alcanzar a meta, renovarse como persoa implica esforzo, porque nada hai de balde, nada hai sen disciplina, sen tenacidade e sen renuncias. Pero toda meta ten a súa recompensa.

España e Galicia, a Europa común da que formamos parte, non se entenden sen o substrato de séculos de cristianismo que propiciaron o afloramento de realidades, hoxe fecundas, como os camiños de Santiago, que conducen á tumba apostólica que aquí veneramos; cristianismo que espallou cultura e valores humanos, atesourou coñecementos e alentou organizacións solidarias, como algunhas das que nos nosos días alivian o sufrimento de infinidade de persoas.

A celebración, en 2018, do Ano Europeo de Patrimonio Cultural ofrécenos a posibilidade de cultivar con maior afán a diversidade e o diálogo entre pobos e culturas, propiciar o coñecemento, o respecto e a comprensión mutuas, sempre desde a tolerancia. Así se fai e seguirá facendo nas diferentes rutas xacobeas desde tempo inmemorial, como se volveu poñer de manifesto ao conmemorar o 30 aniversario da declaración do Camiño de Santiago como primeiro itinerario cultural europeo.

Acaban de cumprirse 70 anos da redacción do máis fermoso discurso da historia de Galicia, o *Alba de Gloria*, saído da pluma de Castelao, daquela xa enfermo e decepcionado, vítima do desterro ao que,

coma el, foran abocados milleiros de irmáns nosos. Malditas sexan todas as guerras e todas as ditaduras.

A historia, historia é. Estamos obrigados a coñecela para non tropezar nas mesmas pedras; xusto é dignificar a heroes e mártires. Pero tamén debemos fuxir da tentación de reabrir feridas que aviven ciúmes ou dificulten a convivencia.

Temos ao noso carón un tesouro, unha xuventude formada e responsable que necesita e merece unha oportunidade laboral a partir da que construír o seu propio futuro, mesmo superar un dos nosos maiores retos, o devalo demográfico.

As persoas con discapacidade precisan unha atención preferente. Os maiores acumulan vivencias e sabedorías sempre útiles.

O meu recordo, sobre todo, para as persoas enfermas e as súas familias, para as mulleres vítimas da violencia de xénero, para as persoas refuxiadas e sen fogar; para todos os que sofren sexa cal sexa a causa. Que a todos poidamos axudar, confortar e aliviar.

Desde esta capital espiritual do vello continente e do mundo enteiro, sumámonos ás prearias do papa Francisco para que cesen todos os enfrontamentos de base étnica ou relixiosa; saudamos os esforzos a prol do ecumenismo e o diálogo interrelixioso que se promoven desde a honestidade e o respecto; e facemos votos para que todos os crentes, con independencia da fe que profesen, entendan que nada hai máis sagrado que a vida humana e o respecto á liberdade dos nosos semellantes. Nunca a violencia, o enfrontamento armado ou a destrución da dignidade humana poden atopar xustificación nun credo.

Santo Apóstolo:

Proveño dunha familia da longa tradición galeguista e cristiá, e por iso –como a inmensa maioría dos nosos compatriotas- valoro coma un tesouro o feito diferencial galego: unha historia, un territorio e unha fala propia que configuran a nosa cultura.

Unha Galicia, en suma, que nas últimas catro décadas se dotou das súas propias institucións de autogoberno, exemplo para moitos.

Esta realidade facilita a galegos e galegas a integración nunha España plural e diversa, cunha democracia consolidada que nos permitiu acadar as maiores cotas de estabilidade, liberdade, benestar e progreso de todos os tempos. Ser galego tampouco impide que nos beneficiemos da plena integración na Unión Europea, o maior espazo de democracia, prosperidade e respecto aos dereitos humanos de todo o mundo. Ser galego propicia unha relación fraternal con América, outrora fogar de acollida e hoxe espazo de proxección e intercambio, prolongación natural desta Iberia nosa.

“Galicia é un mundo”, como dixo Risco, un “mundo enteiro” integrado na globalidade universal.

Inspíranos y acompañanos, Señor Santiago, junto con Nuestra Señora de Montserrat, para que el conjunto de los pueblos de España, sus hombres y mujeres, superemos diferencias y seamos capaces de tender puentes que faciliten la convivencia armónica entre ciudadanos que, a pesar de sus diversas sensibilidades, comparten también, a lo mejor sin percatarse, intereses y valores comunes que debemos cultivar y potenciar. Redescubrir lo que nos une.

Señor Santiago:

Invocamos tu protección para el Rey Felipe VI y su familia, para que continúe ejerciendo sus funciones constitucionales con acierto, sabiduría y prudencia, porque su éxito será el de todos los españoles.

Inspira a cuantos ejercemos responsabilidades públicas, para que la búsqueda del bienestar de la ciudadanía guíe cada uno de nuestros pasos.

Alienta la solidaridad y la capacidad de entendimiento entre las personas, en las instituciones, en las empresas y en las familias, para

construir una sociedad más armónica, abierta a todas las sensibilidades.

En un mundo que parece más pendiente de las pantallas que de las personas, acentúa nuestra capacidad de discernimiento, recuperando la confianza y el papel insustituible de los profesionales de la comunicación.

Que seamos capaces de abstraernos del ruido, encontrar el sosiego y dar paso a la reflexión serena, para que la palabra de los hombres y mujeres recupere su verdadera dimensión como instrumento de pactos y de concordia.

Europa, cuna de la civilización occidental, tantas veces ejemplo de tantas cosas buenas, precisa de líderes y de proyectos capaces de devolver la ilusión sobre las bases de siempre: paz, progreso y promoción de los derechos humanos, valores eternos y consubstanciales al humanismo cristiano que nutre nuestras raíces más profundas.

Ayúdanos a preservar “nuestra casa común” frente a desafíos como el cambio climático, la contaminación, la sobreexplotación de los recursos o los incendios que recientemente tiñeron de luto y negrura extensos territorios de Galicia, de comunidades limítrofes como Castilla y León o Asturias, y del país hermano, Portugal. Que todas y todos nos impliquemos más intensamente en el cuidado de nuestro privilegiado medio ambiente y que los comportamientos criminales que atentan contra este patrimonio común sean desterrados por siempre jamás.

Para todas as Españas e para Galicia invoco a túa protección, señor Santiago: pido acerto para o día a día, e tamén saúde -o ben máis prezado ao que pode aspirar calquera- para, entre todos, sentar as bases dunha sociedade mellor, máis aberta, segura e solidaria.

Que, co teu patrocinio, Santo Patrón das Españas e de Galicia, así sexa.